



Concello do Porriño

Concello do Porriño
TABOLEIRO DE EDICTOS MUNICIPAL

DOCUMENTO:

Data inicial de exposición: 2/07/18
Data final de exposición: 6/07/18

Porriño, a de de

BASES PARA SELECCIÓN E NOMEAMENTO, COMO FUNCIONARIO INTERINO POR ACUMULACIÓN TAREFAS, DE UN OPERARIO CONDUCTOR DE VEHÍCULOS MUNICIPAIS DESTINADOS A DEFENSA DE INCENDIOS E SUBMINSTRO E AUGA ÁS VIVENDAS UNIFAMILIARES AFECTADAS POLO LINDANO.

PRIMEIRA.- OBXECTO DAS BASES.

O obxecto das presentes bases da convocatoria é regular o procedemento para seleccionar e nomear como funcionario interino, asimilado ao grupo Agrupacións profesionais (AP), un operario condutor de vehículos municipais destinados á defensa contra incendios e ao subministro de auga ás vivendas unifamiliares afectadas polo lindano e atender así, por un prazo máximo de seis meses dentro dun período de doce meses, o exceso ou acumulación de tarefas, de carácter urxente inaprazable, excepcionais e circunstancias, indicadas nos informes, cos referencias 18DA0518-1 e 18DA0522-1, emitidos polo oficial da policía local 223017, ao abeiro do artigo 10. 1. d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TRLEBEP) e do artigo 23. 2. d) da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPGA).

SEGUNDA.- DURACIÓN, XORNADA DE TRABALLO E RETIBUCIÓNS.

-Duración: Será de 6 meses dende a súa toma de posesión e previo o nomeamento correspondente.

-Xornada de traballo: Será a tempo completo e realizarase de luns a domingo cos descansos establecidos na lei, e con plena dispoñibilidade, incluíndo nela os domingos, festivos e festas locais así como as quendas de noite que sexan necesarias durante toda a vixencia do nomeamento.

-Retribucións: Se determinarán consonte a táboa retributiva de aplicación con carácter de máximos para ao persoal funcionario interino por programas e acumulación de tarefas do vixente Acordo Regulador do persoal funcionario do concello do Porriño (BOP N° 126 DE 01-07-2011/Modificación BOP 246 de 26-12-2013), para o grupo AP (Agrupacións profesionais).

TERCEIRA.- REQUISITOS XERAIS E ESPECÍFICOS.

Para poder participar nesta convocatoria os aspirantes deberán reunir e acreditar, na data en que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

a) Ser español/a ou nacional dun estado membro da Unión Europea, nos termos previstos no artigo 57 da lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, en harmonía co artigo 52.1 e 2. da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia. (Acreditaranse mediante a presentación de fotocopia compulsada do DNI ou do pasaporte vixentes).

Eva García de la Torre (1 para 1)
Alcaldeza do Porriño
Data de Sinaura: 22/06/2018
HASH: 99a8a36c8dd13fa6a1015dc73d4c250



Cod. Validación: 55H7LQAGFYA.LKRZHYGJAKMUS | Corrección: http://porriño.sedelectronica.gal
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 7



- b) Ter 16 anos cumpridos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa na data de remate de presentación de instancias. (Acreditarase de igual forma que o apartado a).
- c) Posuír o permiso de condución da clase C. (Acreditaranse presentando fotocopia compulsada do devandito permiso).
- d) Posuír a capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas de conductor de motobomba conta incendios. (Acreditarase mediante presentación de certificado ou informe médico).
- e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban.

No caso do persoal laboral, non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

(Acreditarase mediante a presentación dunha declaración de responsabilidade do indicado neste apartado e), sen prexuízo no seu caso de ter que acreditálo tamén de xeito documental caso de que así o solicitase o Tribunal).

f) Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente. (Acreditarase mediante a presentación dunha declaración de responsabilidade do interesado/a, sen prexuízo no seu caso de ter que acreditálo tamén de xeito documental caso de que así o solicitase o Tribunal).

Tódolos anteriores requisitos deberán posuírse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data do seu nomeamento e toma de posesión.

CUARTA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes presentarase no rexistro xeral do concello do Porriño, en horario de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres, durante o prazo de **CINCO días hábiles**,





Concello do Porriño

contados a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria do proceso selectivo no FARO DE VIGO.

A solicitude formularase conforme o modelo que se acompaña como ANEXO desta convocatoria e bases ou na forma que determina o artigo 70 a Lei 30/1992, e conterá, polo menos, os datos persoais do/a solicitante, co seu enderezo, a denominación do procedemento de selección a que se refire estas bases, e unha declaración expresa de que coñece, acepta as Bases que rexen o proceso selectivo e reúne os requisitos sinalados nas mesmas.

A convocatoria e bases publicarase no taboleiro de Edictos do Concello do Porriño e na páxina web municipal www.oporrino.org de forma complementaria, e remitirase unha fotocopia das bases á Oficina de Emprego do Porriño da Consellería de Traballo e Benestar e ó Centro de emprego deste Concello.

Xunto coa SOLICITUDE os/as aspirantes achegaran inescusablemente a documentación que acredite que cumpren os requisitos determinados nestas bases, tal como se indica en cada un dos seus apartados e ademais a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do DNI ou pasaporte vixentes.
- Fotocopia compulsada do permiso de condución esixido.
- Certificado ou informe médico a que se refire o apartado d) da base terceira que acredite que ten as capacidades necesaria para o desempeño das funcións ou tarefas de conductor do vehículo motobomba contra incendios.
- Fotocopia compulsada da documentación xustificativa dos méritos alegados: vida laboral actualizada expedida en maio do 2018, contratos, certificados de servizos prestados, cursos...etc.

QUINTA.- ADMISIÓN DOS ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes a Alcaldía ditará resolución aprobando a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as con especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión, designando o Tribunal Cualificador e fixando a hora, lugar e data en da valoración de méritos da fase de concurso e das probas do proceso selectivo.

A resolución publicarase no taboleiro de edictos do concello do Porriño, concedéndose un prazo de **TRES días hábiles**, contados a partir do seguinte ao da súa publicación, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión, así como para promover a recusación dos membros dos tribunais (sen prexuízo da publicación da devandita resolución na páxina web municipal www.oporrino.org de forma complementaria).

A lista provisional elevarase a definitiva transcorrido o prazo de reclamacións, senón as houbera. No suposto de que se produzan reclamacións deberá ditarse nova resolución estimándoa ou desestimándoa. A resolución pola que se fixa definitivamente a lista de aspirantes admitidos/as e excluídos/as publicarase no taboleiro de edictos do Concello do Porriño, así como a resolución das solicitudes de abstención ou recusación, (sen prexuízo da publicación da

3



Cod. Validación: 55H7LQAGFYAJLKRZHYGJAKMJS | Corrección: http://oporrino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 7



Concello do Porriño

devandita resolución na páxina web municipal www.oporrino.org de forma complementaria).

SÉXTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O tribunal cualificador estará formado por cinco membros: un presidente, un secretario e tres vogais e quedará integrado polos empregados públicos que designe a Alcaldesa, publicándose a súa composición consonte o disposto na base anterior, coa lista provisional de admitidos/as e excluídos/as do proceso selectivo.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén.

A composición dos tribunais será predominantemente técnica e os seus membros deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada. Non poderá formar parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, os funcionario/a interino/a e o persoal eventual.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao órgano que os designe, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Así mesmo, os/as interesados/as poderán recusar aos membros do tribunal cando, ao seu xuízo, concorra neles algunha das circunstancias previstas no parágrafo anterior, conforme ao artigo 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Todos os membros do tribunal terán voz e voto. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do Presidente e do Secretario ou, no seu caso, quen lles substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros.

O tribunal resolverá cantas dúbidas poidan exporse e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.

Os acordos do tribunal só poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos supostos e na forma establecida na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

O Tribunal de selección poderá incorporar asesores especialistas para os supostos nos que fosen necesarios.

Aos membros ou asesores do tribunal que concorran ás súas sesións, aboaránselles indemnizacións por asistencia e, cando cumpra, por dietas e gastos de viaxe, nas contías establecidas na lexislación vixente no momento dos devengos.



Cod. Validación: 55H7LQAGFYAJLKKZHYGJAKMJS | Corrección: <http://oporrino.sedelectronica.gal>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 7



Concello do Porriño

SÉTIMA.- SISTEMA SELECTIVO.

O sistema selectivo será o concurso-oposición.

FASE DE CONCURSO:

O concurso consistirá na valoración da experiencia en funcións e tarefas de condutor de vehículo motobomba contra incendios. Será puntuado cun **máximo de 3 puntos** e para isto avaliaranse os méritos aportados e acreditados polos/as aspirantes de acordo co seguinte baremo:

Por servizos prestados como condutor de vehículo motobomba contra incendios: 0,25 por cada mes de servizo.

Non se terá en conta os citados servizos prestados como funcionario eventual ou de confianza.

A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación de orixinal ou fotocopia compulsada da seguinte documentación:

-Certificado de servizos prestados da Administración correspondente (no caso de traballos na Administración Pública).

-Informe ou de certificación de vida laboral actualizada expedida a partir de maio do 2018 pola Tesourería Xeral da Seguridade Social e contratos de traballo (no suposto de traballos por conta allea).

A experiencia que non se considere debidamente acreditada non será puntuada.

FASE DE OPOSICIÓN:

A) **Proba práctica** sobre o manexo do vehículo motobomba, consistente na demostración polo aspirante do coñecemento dos aspectos de funcionamento xeral e dos accesorios do mesmo.

A puntuación máxima da fase de oposición será **de 10 puntos**. O Tribunal terá en conta á hora da valoración o seguinte: nivel de coñecemento e manexo do equipamento, así como o tempo empregado na realización da proba.

Esta proba terá carácter obrigatorio i eliminatorio e será necesario para superala acadar 5,00 puntos.

B) **Proba de coñecementos da lingua galega** para aqueles aspirantes que non acrediten posuír a titulación CELGA 2 ou equivalente. (Terá carácter obrigatorio e non eliminatorio)

Esta proba cualificarase de 0 a 0,50 puntos e servirá para incrementar a puntuación da fase de oposición.

5



Concello do Porriño

Os/as aspirantes que por acreditar posuír no día da finalización do prazo de presentación de solicitudes o Celga 2 estean exentos de realizar esta proba de galego, e obterán 0,50 puntos que é a puntuación máxima desta proba.

O Tribunal poderá acordar, por razóns de necesidade e urxencia, a celebración de varios exercicios nunha mesma xornada, concedéndolles aos aspirantes un descanso mínimo de trinta minutos entre a celebración deles, ou na xornada seguinte; deixando transcorrer un prazo mínimo de 12 horas.

OITAVA.- RESULTADOS DA SELECCIÓN E LISTAXE DE RESERVA.

A cualificación final do proceso selectivo virá determinada pola suma total das puntuacións obtidas na fase de concurso e de oposición.

No caso de empate na puntuación final entre dous ou máis aspirantes, este resolverase a favor do aspirante que acadara a maior puntuación obtida na proba práctica, e de persistir o empate dirimirase pola maior puntuación obtida na fase de concurso, de continuar o empate pola obtida na aproba de lingua galega e de manterse este mediante un sorteo.


A relación de puntuacións outorgadas polo tribunal, elevarase á Alcaldía coa proposta dos candidatos que posúan as maiores puntuacións para o nomeamento como funcionarios interinos de tres operarios/as condutores/as do vehículo motobomba municipal para participar na defensa contra incendios forestais,, publicándose a mesma no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello www.porremplego.org de forma complementaria

Os aspirantes que tendo superados os exercicios obrigatorios i eliminatorios non foran incluídos na proposta de nomeamento, formarán unha listaxe de reserva, pola orde decrecente de puntuación obtida no proceso, a efectos de substitución nos casos de desistimento, renuncia ou impedimento, así como para o suposto de que os aspirantes propostos non se presentase a tomar posesión, ou para calquera outro caso legal en que a persoa nomeada non puidera cumprir co seu nomeamento, a Alcaldesa poderá realizar outro nomeamento cos seguintes aspirantes da lista de reserva que por orde de puntuación lle corresponda.

NOVENA.- INCIDENCIAS

A convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven delas e de a actuación do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados, nos casos, termos e formas previstos pola Lei 30/92 do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 7/1985; do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do tribunal que algún dos/as aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na convocatoria, logo da audiencia do interesado, deberá propor á Alcaldesa a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.



6



Concello do Porriño

O Tribunal resolverá as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde da selección. Así mesmo, o Tribunal poderá declarar durante o transcurso do proceso selectivo como excluídos/as a aqueles/as aspirantes que fagan uso de calquera actuación fraudulenta nos exercicios das probas selectivas.

ANEXO

SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NO PROCESO SELECTIVO PARA A SELECCIÓN E NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO INTERINO DE UN OPERARIO CONDUCTOR DE VEHÍCULOS MUNICIPAIS DESTINADOS Á DEFENSA CONTRA INCENDIOS E PARA SUBMINISTRAR AUGA ÁS VIVENDAS UNIFAMILIARES AFECTADAS POLO LINDANO.

D./Dña., con data de nacemento con D.N.I. nº e con domicilio en código postal concello (teléfono), ante a Sra. Alcaldesa do Concello do Porriño, **EXPÓN E DECLARA EXPRESAMENTE:**

- a) Que coñece e acepta as Bases que rexen o proceso selectivo, por concurso-oposición, para o nomeamento coma funcionarios interino de **un (1) operario condutor** de vehículos municipais destinados á defensa contra incendios e ao subministro de auga ás vivendas unifamiliares afectadas polo lindano, para atender así o exceso e acumulación de tarefas, de carácter excepcional e circunstancial durante un prazo máximo de seis meses dentro dun período de doce meses, a xornada completa a realizar de luns a domingo cos descansos establecidos na lei, e con plena dispoñibilidade, incluíndo nela os domingos, festivos e festas locais así como as quendas de noite que sexan necesarias durante toda a vixencia do nomeamento.
- b) Que reúne todos e cada un dos requisitos establecidos nas bases da convocatoria que rexen o citado proceso de selección.
- c) Que achega coa presente a documentación esixida nas bases que rexen o citado proceso de selección:

- Fotocopias debidamente compulsada do DNI ou pasaporte vixente.
- Declaracións de responsabilidade de cumprir os requisitos sinalados na base 3ª, apartados e), f).
- Orixinal ou fotocopia compulsada da **certificación ou informe de vida laboral actualizada expedida en maio de 2018** pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Certificado ou informe médico a que se refire o apartado d) da base 3ª que acredite a capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das funcións ou tarefas de condutor de motobomba conta incendios
- Documentación xustificativa dos méritos que aleguen, acreditados conforme se establece na base 7ª das Bases que rexen o proceso selectivo.
- Orixinal ou fotocopia compulsada o **permiso de conducción C.**

Por todo o exposto,

SOLICITA: Ser admitido/a ó devandito procedemento de selección para ser nomeado como coma funcionario interino operario condutor de vehículos municipais destinados á defensa contra incendios e ao subministro de auga ás vivendas unifamiliares afectadas polo lindano

O Porriño, a de de 2018
Asdo.:

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DO PORRIÑO (PONTEVEDRA)

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE AO MARXE.



Cod. Validación: 55H7LQ89FYAJLKRZHYGJAKMUS | Corrección: http://oporriño.sedelectronica.gal
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 7